

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DE LA TASA POR OCUPACIÓN DE TERRENOS DE USO PÚBLICO CON PUESTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIONES O RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES Y RODAJE CINEMATOGRAFICO.

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓN OU RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

ARTÍCULO 1. FUNDAMENTO Y OBJETO.

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución y por el artículo 106 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 a 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el Ayuntamiento de A Coruña establece la Tasa por utilización privativa o aprovechamientos especiales de terrenos de uso público local por instalación de puestos, barracas, casetas de venta, espectáculos, atracciones o recreo, así como industrias callejeras y ambulantes y rodaje cinematográfico, a que se refiere el artículo 20. 3 n) del propio Real Decreto Legislativo, que se regirá por la presente Ordenanza Fiscal, cuyas normas atienden a lo prevenido en el artículo 57 del citado Real Decreto Legislativo.

ARTÍCULO 2. HECHO IMPONIBLE.

Constituye el hecho imponible de esta tasa la realización de ocupaciones de terrenos de uso público local con puestos, barracas, casetas de venta, espectáculos, atracciones o recreo, así como industrias callejeras y ambulantes y rodaje cinematográfico.

ARTÍCULO 3. BENEFICIOS FISCALES.

Se aplicarán los beneficios fiscales previstos en normas con rango de ley y en los tratados internacionales.

ARTÍCULO 4. OBLIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Es obligado tributario, en concepto de contribuyente, la persona física o jurídica y las entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley General Tributaria a cuyo favor se otorguen las autorizaciones administrativas, o quienes realicen los aprovechamientos, si se procedió sin la oportuna autorización. Si el aprovechamiento se realizara sin obtener licencia, se considera que tiene la condición de sujeto pasivo el titular de la empresa que explote la instalación a la que esté afecta la instalación o actividad realizada en terreno público.
2. Serán responsables solidarios de la deuda tributaria las personas o entidades a que se refiere el artículo 42 de la Ley General Tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios los administradores de las sociedades y los síndicos, interventores y liquidadores de quiebras, concursos, sociedades y entidades en general, en los supuestos y con el alcance que señala el artículo 43 de la Ley General Tributaria.

ARTÍCULO 5. BASE IMPONIBLE.

Se tomará como base para la determinación del importe de la tasa, el tiempo de duración del aprovechamiento y los metros cuadrados de terrenos de uso público que son objeto de la ocupación.

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica, a que se refire o artigo 20. 3 n) do propio real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto lexislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización de ocupacións de terreos de uso público local con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as autorizacións administrativas, ou quen realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización. Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considérase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que explote a instalación á que estea afecta a instalación ou actividade realizada en terreo público.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para a determinación do importe da taxa o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de terreos de uso público que son obxecto da ocupación.

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DE LA TASA POR OCUPACIÓN DE TERRENOS DE USO PÚBLICO CON PUESTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIONES O RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES Y RODAJE CINEMATOGRAFICO.

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

ARTÍCULO 6. TARIFAS.

Se exigirán las siguientes:

	EUROS
1 Instalaciones temporales:	
1.1 Puestos, barracas y casetas dedicadas a la venta de cualquier clase de artículos autorizados, por m2 o fracción, al día	0,94
1.2 Tómbolas, columpios, carruseles, autos de choque y demás atracciones de recreo, por cada m2 o fracción, al día	0,94
1.3 Circos, Teatros ambulantes, guiñoles y espectáculos análogos, por m2 o fracción al día	0,94
1.4 Rodajes cinematográficos (películas, vídeos y grabaciones televisivas) en la vía pública, por m.2 o fracción al día	0,94
1.4.1 Rodajes cinematográficos (películas, vídeos y grabaciones televisivas) en la vía pública, de carácter profesional y no publicitario. Los interesados deberán obtener la preceptiva autorización municipal, teniendo que abonar los daños ocasionados por el deterioro y los desperfectos que puedan producir.	0,00
2 Cuando los aprovechamientos no se realicen en calles de 1ª categoría fiscal, la cantidad resultante de la aplicación de las tarifas anteriores se multiplicará por un coeficiente a efectos de determinar el importe a pagar:	
Categoría calle	
Segunda	0,90
Tercera	0,80
Cuarta	0,70
Quinta	0,60
Sexta	0,50
3 Tarifas mínimas. Con carácter mínimo y siempre que no se alcancen las cifras que a continuación se dirán con la aplicación de las anteriores tarifas, se exigirán:	
3.1 Aprovechamientos a los que se refiere el epígrafe 1.1 anterior	56,81
3.2 Aprovechamientos a los que se refieren los epígrafes 1.2 y 1.3 y 1.4	170,90

ARTÍCULO 7. DEVENGO.

1. La Tasa correspondiente al primer período impositivo se devengará en su totalidad en el momento de solicitarse la licencia o de iniciarse el aprovechamiento, cuando no se haya obtenido la correspondiente licencia.
2. Las cuotas señaladas en las tarifas serán irreducibles.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes:

	EUROS
1 Instalacións temporais:	
1.1 Postos, barracas e casetas dedicadas á venda de calquera clase de artigos autorizados, por m2 ou fracción, ao día	0,94
1.2 Tómbolas, bambáns, carruseis, autos de choque e demais atraccións de recreo, por cada m2 ou fracción, ao día	0,94
1.3 Circos, teatros ambulantes, monicreques e espectáculos análogos, por m2 ou fracción ao día	0,94
1.4 Rodaxes cinematográficas (películas, vídeos e gravacións televisivas) na vía pública, por m2 ou fracción ao día	0,94
1.4.1 Rodaxes cinematográficas (películas, vídeos e gravacións televisivas) na vía pública, de carácter profesional e non publicitario. Os interesados deberán obter a preceptiva autorización municipal, tendo que abonar os danos ocasionados pola deterioración e os danos que poidan producir	0,00
2 Cando os aproveitamentos non se realicen en rúas de 1ª categoría fiscal, a cantidade resultante da aplicación das tarifas anteriores multiplicarase por un coeficiente para os efectos de determinar o importe que hai que pagar:	
Categoría rúa	
Segunda	0,90
Terceira	0,80
Cuarta	0,70
Quinta	0,60
Sexta	0,50
3 Tarifas mínimas. Con carácter mínimo e sempre que non se alcancen as cifras que a continuación se dirán coa aplicación das anteriores tarifas, esixiranse:	
3.1 Aproveitamentos aos que se refire o epígrafe 1.1 anterior	56,81
3.2 Aproveitamentos aos que se refiren os epígrafes 1.2 e 1.3 e 1.4	170,90

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa correspondente ao primeiro período impositivo xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.
2. As cotas sinaladas nas tarifas non serán reducibles.

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DE LA TASA POR OCUPACIÓN DE TERRENOS DE USO PÚBLICO CON PUESTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENTA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIONES O RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS CALLEJERAS Y AMBULANTES Y RODAJE CINEMATOGRAFICO.

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO, ASÍ COMO INDUSTRIAS DA RÚA E AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICA.

ARTÍCULO 8. NORMAS DE GESTIÓN.

1. En el momento de presentar la solicitud para la obtención de la autorización precisa para realizar los aprovechamientos descritos en esta Ordenanza, deberá ingresarse el depósito previo del importe de la tasa, sin cuyo requisito no se dará trámite a la petición. Podrá establecerse la obligación de autoliquidar el importe e ingresar simultáneamente la cantidad resultante.
2. La resolución que conceda la licencia aprobará simultáneamente una liquidación provisional ordenando las devoluciones o practicando las liquidaciones complementarias que procedan. En caso de no concederse la licencia, se devolverá el depósito constituido.
3. En caso de prorrogarse el aprovechamiento después de transcurrido el período de concesión inicial, se constituirá un nuevo depósito previo, en la misma forma que para la autorización inicial.
4. Las licencias deberán solicitarse de la Junta de Gobierno Local por medio de instancia por triplicado acompañada de los documentos necesarios para su tramitación. Instruido el expediente se dictará resolución que se notificará al interesado y a los servicios municipales encargados de su ejecución.

ARTÍCULO 9. INFRACCIONES Y SANCIONES TRIBUTARIAS.

Para la calificación de las infracciones tributarias, así como de las sanciones que a las mismas corresponden en cada caso, se estará a lo dispuesto en los artículos 178 y siguientes de la Ley General Tributaria y en la Ordenanza General de Gestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

La presente Ordenanza, que consta de nueve artículos, ha sido aprobada por el Pleno en sesión celebrada el 19 de diciembre de 2008 entrará en vigor el día 1 de enero de 2009 y se aplicará en tanto no se acuerde su modificación o derogación.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. No momento de presentar a solicitude para a obtención da autorización precisa para realizar os aproveitamentos descritos nesta ordenanza, deberá ingresarse o depósito previo do importe da taxa, sen cuxo requisito non se tramitará a petición. Poderá establecerse a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. A resolución que conceda a licenza aprobará simultaneamente unha liquidación provisional ordenando as devolucións ou efectuando as liquidacións complementarias que procedan. No caso de non concederse a licenza, devolverase o depósito constituido.
3. No caso de prorrogarse o aproveitamento despois de transcurrido o período de concesión inicial, constituirase un novo depósito previo, na mesma forma que para a autorización inicial.
4. As licenzas deberán solicitarse da Xunta de Goberno Local por medio dunha instancia por triplicado xunto cos documentos necesarios para a súa tramitación. Instruído o expediente, ditarase a resolución que se lles notificará ao interesado e aos servizos municipais encargados da súa execución.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 19 de decembro do 2008, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2009 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.